

Na Resolución Rectoral de 11 de xullo de 2003 pola que se fai pública a convocatoria de matrícula en titulacións de segundo ciclo con límite de prazas ou segundos ciclos de titulacións de primeiro e segundo ciclo para o curso 2003-04, recóllese unha terceira convocatoria respecto á que é preciso facer públicas as titulacións e prazas vacantes.

POLO EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVE:

PRIMEIRO.- Nas titulacións que se indican poderase formalizar matrícula consonte as normas que se establecen nesta resolución:

Titulación sen límite de prazas

- L. en Admón. e Direc. de Empresas (Santiago)
- L. en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
- L. en Economía
- L. en Filoloxía (todas) (Santiago e Lugo)
- L. en Humanidades
- L. en Matemáticas
- L. en Odontoloxía
- L. en Química (Santiago e Lugo)
- Enx. Agrónoma (Lugo)
- Enx. de Montes (Lugo)

Titulación con límite de prazas

- Lic. en Bioloxía. - **10 prazas**
- Lic. en Admón. e Direc. de Empresas (Lugo). - **95 prazas**
- Graduado Superior en Enxeñería Ambiental (CC. Experimentais e da Saúde) . - **2 prazas**
- Graduado Superior en Enxeñería Ambiental (Ensinanzas Técnicas) . - **6 prazas**
- Graduado Superior en Xerontoloxía . - **62 prazas**
- Graduado Superior en Xerontoloxía Virtual . - **26 prazas**
- Graduado Superior en Biotecnoloxía . - **20 prazas**


SEGUNDO.- Poderán formalizar matrícula nas titulacións de segundos ciclos ou nos segundos ciclos os alumnos que trala realización dos exames do primeiro cuadrimestre, convocatoria extraordinaria ou de fin de carreira estean en condicións de acadar a titulación ou rematar un primeiro ciclo que lles dea acceso, en materias anuais ou do segundo cuadrimestre das ditas titulacións.

Asemade poderán formalizar matrícula os alumnos que acrediten a titulación necesaria que lle dea acceso, aínda que as obtiveran con anterioridade ás citadas convocatorias.

TERCEIRO.- A matrícula formalizarase entre os días **9 e 26 de marzo** nas titulacións sen límite de prazas nas Unidades de Xestión Académica correspondente. Nas titulación con límite, as prazas solicitaranse entre o **8 e o 12 de marzo**, e de acadar praza, formalizarán matrícula entre o **24 e o 26 de marzo**.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2004

O RECTOR



Senén Barro Ameneiro

SR SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR. PRESIDENTE DA CIUG - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. XEFE DE SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA- SR. DIRECTOR DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO COIE - SR. SUBDIRECTORA DO COIE.- SRS. XEFES/A DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRS/AS DIRECTORES/AS. DAS TITULACIÓNS PROPIAS